

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Luis García López.

Concelleiros:

D^a. M^a del Carmen Torreira González

D. Leonardo Bermúdez Taboada

D^a. Aurora Varela Duro

D. Inacio García Couso

D. Antonio Orois Valiño

D.^a M^a Rosario Vázquez Orois

D. Alfonso Orois Conde

D^a Cristina Castro Pampin

D. Alfonso Lodeiro Regueiro

D. Javier Rodríguez Vázquez

D^a. Begoña Balado Conde

Secretario:

D. Juan Colmenares López-Soldado

Interventora:

D^a. Olga Castro Fernández

ACTA

En Arzúa, 26 de abril de 2013.

Sendo as 20.10 horas reúnense no Salón de Sesións da Casa do Concello os concelleiros que se relacionan á marxe, integrantes do Pleno deste Concello, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a sesión ordinaria convocada para este día.

Deseguido, pasouse a tratar sobre os seguintes asuntos que integran a orde do día desta sesión:

A) PARTE RESOLUTORIA

*Punto 1º) **LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN***

ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 5 DE FEBREIRO DE 2013.-

Polo presidente preguntouse se algún membro da Corporación tiña que formular algunha observación, con respecto á acta desa sesión.

E non formulándose observacións á mesma, considerouse aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes que asistiron a dita sesión.

Punto 2º) RENUNCIA AO CARGO DE CONCELLEIRA PRESENTADA POR DONA NATALIA PEREIRA REY.-

Dáse lectura do escrito dirixido ao Sr. alcalde para o seu traslado ao Pleno do Concello, que foi presentado no Rexistro Xeral do Concello o día 7 de marzo de 2013 (*rexistrado de entrada ao número 513*) por dona **Natalia Pereira Rey**, concelleira deste Concello pertencente ao Bloque Nacionalista Galego, como consecuencia das Eleccións Locais celebradas o día 22 de maio 2011; mediante cuxo escrito expón: “*Que debido a cuestións persoais, que me impiden atender as obrigas propias do cargo de concelleira coa dedicación que tal responsabilidade comporta, véxome na obriga de renunciar á miña acta de concelleira e polo tanto, solicito que se proceda á miña substitución mediante candidatos seguintes da lista pola que fun elexida*”

Coñecido o informe emitido polo secretario, con data 8 de marzo de 2013, no que se indica:

“I) Que a renuncia dun concelleiro ao cargo, é un dereito recoñecido polo artigo 182 da Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral.

II) Que esta renuncia deberá facerse efectiva por escrito, ante o Pleno da Corporación, posto que así se dispón no artigo 9 n° 4, do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

É dicir, o cese da concelleira que renuncia debeo acordar o Pleno; sendo tal acordo un acto de mera constación reglada; ou o que é o mesmo, o seu obxecto consiste en verificar: se se dou o suposto de feito (a renuncia) e se se produciu ou non de forma válida.

Polo que, como acto de constatación, os seus efectos xurídicos retrotraense á data da renuncia.

III) Que a xurisprudencia ven entendendo que o acordo debe ser tamén de aceptación da renuncia. Pero é evidente que, ao non ser o cargo obrigatorio, o Concello non poderá negarse a aceptar esta renuncia, sempre que se producira validamente, con constancia da vontade da renunciante.

IV) Que, unha vez adoptado o acordo aceptando a renuncia, deberá solicitarse a expedición da correspondente credencial, a favor de quen deba substituír á renunciante; tendo en conta para iso:

a) Que o artigo 15 n° 2, da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, dispón que o mandato das Xuntas Electorais Provinciais e das Xuntas Electorais de Zona conclúe cen días despois das eleccións.

b) Que –segundo se indica na Instrucción de 19 de xullo de 1991 da Xunta Electoral Central- unha vez transcurra dito período de tempo, a expedición de credenciais aos Concelleiros, en caso de vacante, corresponderá á Xunta Electoral Central.

V) Que, en consecuencia, o acordo que debe adoptar o Pleno do Concello consistirá en:

1º) Aceptar a renuncia ao cargo de concelleira, presentada o día 7 de marzo de 2013 por dona Natalia Pereira Rey, retrotraendo os seus efectos xurídicos a dita data.

2º) Declarar vacante o posto de concelleiro, pois senón non podería ser substituído, e

3º) Pedir a credencial do seguinte da lista correspondente, á Xunta Electoral Central.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

*Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para dar as grazas a dona Natalia Pereira Rey polos servizos prestados a este Concello.

*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para felicitar a dona Natalia Pereira Rey pola labor realizada durante o tempo que estivo desempeñando o cargo de concelleira, e indicar que foi unha persoa encantadora coa que sempre se poido falar.

*Da Sra. Varela Duro (do BNG) para dar a enhoraboa a Natalia pola súa maternidade e desexarlle que teña un bo futuro, e lembarar que sempre tivo unha aptitude positiva e de diálogo con nós.

*Do Sr. alcalde para manifestar agora en público o que xa lle dixo persoalmente a Natalia, que foi o agradecerlle tanto o seu traballo na concellería de cultura e medio ambiente, como o apoio persoal que le prestou a el durante o tempo en que estivo de concelleira.

Tras o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria este asunto;

Adoptándose -por unanimidade dos doce membros asistentes, sendo trece o número legal dos que integran esta Corporación Local- os seguintes acordos:

Primeiro.- Quedar enterados e aceptar a renuncia ao cargo da concelleira, presentada o día 7 de marzo de 2013 por dona Natalia Pereira Rey, retrotraendo os seus efectos xurídicos a dita data.

Segundo.- Declarar vacante o cargo de concelleira ocasionado con motivo desta renuncia, aos efectos de iniciar os trámites procedentes para a súa substitución.

Terceiro.- Solicitar á Xunta Electoral Central -por transcorrer o mandato das Xuntas Electorais de Zona- a credencial do seguinte candidato, que figura na lista electoral que o Bloque Nacionalista Galego presentou neste municipio con motivo das Eleccións Locais de 2011; debendo expedirse en consecuencia esa credencial a favor de dona María Pilar Castro Vallo, por ser a persoa que figuraba no seguinte lugar dentro desa lista electoral.

Punto 3º) RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 2/2013

Dáse lectura do ditame que –en relación con este asunto- emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 23 de abril de 2013; no seguinte sentido:

“A Presidenta explica que este expediente foi elaborado como consecuencia da existencia de facturas, procedentes de exercicios anteriores, que non puideron ser imputadas a eses exercicios; e dálle a palabra á interventora para que explique o por qué.

Toma a palabra a interventora para informar que a Lei esixe aprobar este tipo de expedientes, para poder aprobar con cargo ao orzamento corrente facturas procedentes de exercicios anteriores, pero que se presentan no rexistro no 2013, e que

non é posible imputar directamente ao orzamento do exercicio corrente. A peculiaridade que presentan estas facturas é que non poden ser aprobadas por decreto da Alcaldía nin por acordo da Xunta de Goberno Local, senón que teñen que ser aprobadas polo Pleno.

As facturas están reflectidas no expediente, e son as seguintes:

Terceiro	Num. factura	Data factura	Concepto	Importe €
<i>COREGAL PARQUES E XARDÍNS SL</i>	<i>21</i>	<i>30/11/2012</i>	<i>Traballos de poda, desbroce e outros en zonas verdes das áreas recreativas das parroquias</i>	<i>744,15</i>
<i>COREGAL SL</i>	<i>1201463</i>	<i>31/12/2012</i>	<i>Xestión do punto limpo do mes de decembro</i>	<i>1.540,00</i>
<i>CARLOS LÓPEZ AYUDE</i>	<i>120313</i>	<i>10/07/2012</i>	<i>Subministro de folios Festa do Carmen</i>	<i>183,44</i>
<i>HERCULES EDICIONES SL</i>	<i>N12-1394</i>	<i>20/07/2012</i>	<i>Libro Galicia Heráldica Tomo 58</i>	<i>184,00</i>
<i>PROEL ASCENSORES SL</i>	<i>112966</i>	<i>01/10/2011</i>	<i>Conservación e mantemento do ascensor do Centro de Saúde</i>	<i>300,91</i>
<i>SGAE</i>	<i>1202670255</i>	<i>29/01/2012</i>	<i>Importe da cota por radiodifusión e reprodución</i>	<i>2.021,95</i>
			<i>TOTAL</i>	<i>4.974,45</i>

Sen máis intervencións por parte dos concelleiros asistentes, someteuse este asunto a votación ordinaria;

Adoptándose por tres votos a favor -das dúas concelleiras do BNG, Sra. Varela Duro e Sra. Torreiro González e da concelleira do PS de G, Sra. Balado Conde- e tres abstencións -dos tres concelleiros do PP, Sra. Vázquez Orois, Sra. Castro Pampín e Sr. Rodríguez Vázquez- o acordo de informar favorablemente a aprobación deste expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 2/2013.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar que está de acordo con que se recoñezan as obrigas de pago que conteñen as facturas que integran este expediente.

*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para manifestar que non discrepamos do ditame emitido pola Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, pero imos a abstermos na votación deste asunto, porque consideramos que o obxecto desas facturas refírese a asuntos relacionados coa xestión do goberno municipal.

*Da Sra. Varela Duro (do BNG) para expresar o seu acordo co ditame emitido pola Comisión especial de Contas.

Visto o informe emitido pola interventora con data 19 de marzo de 2013.

Adoptouse –por seis votos a favor (5 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE), coa abstención dos seis concelleiros do PP- o acordo de recoñecer as obrigas ás que se refire este expediente e que figuran descritas no mesmo, polos importes que quedaron indicados nas seis facturas presentadas; dispoñendo que se efectúe o pagamento das mesmas.

Punto 4º) CONCESIÓN DE BONIFICACIÓNS NA COTA DO IMPOSTO MUNICIPAL SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.-

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 23 de abril de 2013; no seguinte sentido:

"Pola Presidenta explícase que se trata de tres solicitudes de bonificación na cota do ICIO, presentadas por:

-Don Ángel Rodríguez Mirás, en representación de Ganadería Camba Codesido S.L. solicitude de bonificación de data 3 de outubro de 2013, con relación ás obras de ampliación de explotación de vacún de leite.

-Don Ángel Rodríguez Mirás, en representación de José Ramón Taboada Carreira, solicitude de bonificación de data 3 de outubro de 2012, con relación ás obras de ampliación de explotación gandeira con construción de silo.

-Don Manuel Piñeiro Torres, en representación de Granxa Avícola O Viso S.L., solicitude de bonificación de data 20 de febreiro do 2013, con relación ás obras de ampliación de granxa avícola.

Intervén a Sra. Balado Conde (do PS de G-PSOE) para mostrar o seu acordo coa concesión, en todos os casos, de ditas bonificacións.

Intervén a Sra. Vázquez Orois (do PP) no mesmo sentido, mostrando o seu acordo coa concesión das bonificacións.

E sometido este asunto a votación ordinaria, adoptouse -por unanimidade dos seis concelleiros asistentes- o acordo de informar favorablemente a concesión de todas as bonificacións na cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras que foron solicitadas."

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

*Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar que xa se mostrou a favor da concesión das bonificacións solicitadas, e máis pola situación económica en que nos atopamos.

*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expoñer que os seis integrantes do grupo político do Partido Popular ratifican o que dixo a integrante de dito grupo, Sra. Vázquez Orois, na sesión da Comisión especial de Contas, a favor da concesión das bonificacións solicitadas.

*Da Sra. Varela Duro (do BNG) para expresar o seu acordo co ditame emitido pola Comisión especial de Contas.

Coñecido polos asistentes que o contido dos tres escritos presentados, sobre a solicitude de bonificación, era o seguinte:

1º.- Presentado no Rexistro Xeral do Concello o día 3 de outubro de 2012, sendo rexistrado de entrada ao número 2.191, por don **Angel Rodríguez Mirás**, con DNI nº 46898612-W, con domicilio na rúa de Lugo nº 38-1º B, que actua en representación de **Gandería Camba Codesido S.L.**, por razón das obras de ampliación dunha explotación gandeira, mediante a construción de establo e anexos destinados a leitería, sala de muxido, sala de espera e sala de partos, no lugar de Trasfontao, na parroquia de Pantiñobre; para cuxas obras concedérase licenza municipal pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 11 de outubro de 2012, sendo aprobada a liquidación correspondente por importe de **2.794,99** euros nesa mesma sesión.

2º.- Presentado no Rexistro Xeral do Concello o día 3 de outubro de 2012, sendo rexistrado de entrada ao número 2.192, tamén por don **Angel Rodríguez Mirás**, con DNI nº 46898612-W, con domicilio na rúa de Lugo nº 38-1º B, que actua en representación de **José Ramón Taboada Carreira**, por razón das obras de ampliación dunha explotación gandeira, mediante a construción de silo forraxeiro no lugar de Peceño, na parroquia de Villadavil; para cuxas obras concedérase licenza municipal pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 11 de outubro de 2012, sendo aprobada a liquidación correspondente por importe de **358,80** euros nesa mesma sesión.

3º.- Presentado no Rexistro Xeral do Concello o día 20 de febreiro de 2013, sendo rexistrado de entrada ao número 347, por don **Manuel Piñeiro Torres**, con DNI nº 76486582-J, con domicilio na parroquia de Dombodan, que actua en representación de **Granxa Avícola O Viso, S.L.**, por razón das obras de ampliación dunha granxa de galiñas poñedoras, mediante execución de nave e construción anexa no lugar de A Pena, na parroquia de Dombodán; para cuxas obras concedérase licenza municipal pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 25 de febreiro de 2013, sendo aprobada a liquidación correspondente por importe de **6.584,16** euros nesa mesma sesión.

Constando –nos respectivos expedientes- os informes emitidos pola interventora municipal, con data 11 de marzo de 2013; de cuxos informes dedúcese:

A) Que o artigo 103 nº 2 letra a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais dispón que *“as ordenanzas fiscais poderán regular unha bonificación na cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras de ata o 95% a favor daquelas construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento de emprego, que xustifiquen tal declaración”*.

B) Que dita ordenanza establece –no seu artigo 7 apartado I) “Bonificacións”, subapartado d)- *unha bonificación do 50% na cota do referido imposto, cando se trate de construcións, instalacións e obras promovidas por agricultores ou gandeiros; suposto no que se encadrarían* as actuacións a que se refieran os tres anteriores expedientes relacionados, para as cales se solicitou a concesión da bonificación.

E considerando, de conformidade co disposto no artigo 7 da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras:

a) Que a declaración de especial interese ou utilidade municipal deberá ser solicitada polo suxeito pasivo, e

b) Que, unha vez informada esa solicitude, corresponderá ao Pleno do Concello decidir –por maioría simple- se concorren as circunstancias para efectuar a declaración de especial interese ou utilidade municipal.

Tras o exposto o Sr. alcalde someteu este asunto a votación ordinaria;

Adoptándose –por unanimidade dos doce membros asistentes- os seguintes acordos:

Primeiro.- Considerar de especial interese e utilidade municipal as construcións que quedaron detalladas nas tres solicitudes indicadas na parte expositiva deste acordo, para as que se concedeu licenza municipal pola Xunta de Goberno Local nas datas antes indicadas, por concorrer circunstancias sociais e de fomento de emprego.

Segundo.- En consecuencia con esta declaración, conceder os beneficios solicitados do 50 por 100 na cota do imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras, que se aplicará sobre as liquidacións que foron practicadas e aprobadas cando se adoptaron os acordos de concesión das licenzas municipais para poder realizar as construcións indicadas.

Terceiro.- Notificar este acordo aos tres solicitantes das bonificacións, practicándolles unha nova liquidación tributaria, co obxecto de recoller as bonificacións agora aprobadas.

Punto 5º) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓN DE EDIFICIOS, LOCAIS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 23 de abril de 2013; no seguinte sentido:

"Pola Presidenta explícase que se trata dunha ordenanza fiscal, que se complementa con outra ordenanza municipal sobre o mesmo tema, cal é a utilización das instalacións municipais: A municipal, regula as normas xerais de uso e esta fiscal, regula a parte económica, onde se prevé cobrar unha taxa polo uso, pero só cando se trate de actividades que se desenvolvan con ánimo de lucro ou das que se obteña un aproveitamento económico.

Intervén a Sra. Vázquez Orois (do PP) para preguntar á interventora qué se entende por custos indirectos ou mediais.

Toma a palabra a interventora para explicar que son os custos que, a pesar de non estar destinados de xeito inmediato ao centro final prestador dun servizo ou actividade, serven ao mesmo.

Intervén a Sra. Varela Duro para preguntar aos concelleiros sobre qué lles parece a proposta de taxas.

Contesta a Sra. Balado Conde (do PS de G-PSOE) que ten que estudialo mellor, e que prefire pronunciarse no Pleno.

Toma a palabra a Sra. Vázquez Orois (do PP) para manifestar que tamén van estudar este tema con mais profundidade, e que se pronunciarán no Pleno.

E sometido este asunto a votación ordinaria, adoptouse por dous votos a favor -das dúas concelleiras do BNG, Sra. Varela Duro e Sra. Torreiro González- e catro abstencións -da concelleira do PS de G, Sra. Balado Conde, e dos tres concelleiros do PP, Sra. Vázquez Orois, Sra. Castro Pampín e Sr. Rodríguez Vázquez- o acordo de informar favorablemente a aprobación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por utilización de edificios, locais e instalacións municipais."

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Da Sra Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expoñer:

- Que na sesión da Comisión especial de Contas decidiu absterse, porque non mirara totalmente a taxa que se podía cobrar; agora, despois de estudar máis detidamente a ordenanza, pensa que se trata dunha boa idea, porque se pretende cobrar a quen se lucre coas actividades desenvolvidas nos locais e instalacións municipais; o cal considera normal, porque tamén implica que se vaian a coidar mellor esas instalacións.

- Que considera que debería facerse algún tipo de notificación que conteña as normas que deberán ter en conta os usuarios, para cando rematen de utilizar as instalacións municipais autorizadas.

* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expoñer:

- Que está de acordo con que se cobren taxas cando se utilizan locais e instalacións municipais e hai ánimo de lucro, pero tamén quere dicir que, cando se faga unha ordenanza, deberíase pasar un borrador desa ordenza á oposición, para que poida aportar algunha idea que poidera ser tida en conta, concedendo para iso un prazo duns quince días. Por tanto nesta ocasión o grupo político do Partido Popular vaise abster.

- Que quere formular un rogo máis que nada ao Sr. alcalde para que, nas próximas ocasións, se lles envíe -ou ben por correo electrónico ou doutra forma- un borrador da ordenanza que se estea elaborando, se se considera que a colaboración do grupo político do PP pode ser tida en conta.

*Da Sra. Varela Duro (do BNG) para expoñer:

- Que non considera que esta ordenanza sexa moi complexa, como para non poder tomar agora unha determinación sobre a mesma.

- Que lle gustaría matizar, en relación coa proposta de cobro de taxas que contén esta ordenanza, que existe o rumor de que se vai cobrar ás asociacións sen ánimo de lucro por utilizar un local social dunha parroquia; e iso non é certo.

- Que vaise cobrar unha taxa a aquelas persoas ou entidades que pretenden acadar un lucro, pero non a unha asociación de veciños.

* Do Sr. alcalde, para expoñer:

- Que non se trata dunha ordenanza complexa, tratouse de simplificar o seu contido para que fora práctica; porque son moitos os locais municipais que existen, cada un coas súas características e foi difícil ordenar todo nunha ordenanza.

- Que no seu ánimo estaba o facilitar un borrador da ordenanza, pero estivo rematada só dous días antes da convocatoria da sesión da comisión informativa, porque se foi reformando día a día.

- Que as taxas que se prevén nesta ordenanza son comparables coas aprobadas por outros Concellos do tamaño do Concello de Arzúa.

Tras todo o exposto, e unha vez fixados os termos da votación, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a aprobación da citada ordenanza

Adoptándose -por seis votos a favor (5 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE), coa abstención dos seis concelleiros do Partido Popular- os acordos que deseguido se transcriben:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a ordenanza fiscal reguladora da taxa por utilización de edificios, locais e instalacións municipais.

Segundo.- Expoñer ao público o expediente íntegro que dou lugar á adopción deste acordo, no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e no Boletín Oficial da

Provincia, durante o prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro.- Considerar elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional da referida ordenanza, para o suposto de que non se presenten reclamacións durante o período de exposición pública.

Cuarto.- No anterior suposto (de aprobación tácita) publicárase integramente, no Boletín Oficial da Provincia, tanto o texto da referida ordenanza, así como a parte dispositiva do acordo de aprobación da mesma.

Entrando en vigor esta ordenanza cando se leve a cabo a publicación íntegra da mesma no Boletín Oficial da Provincia.

Punto 6º) ORDENANZA REGULADORA DA UTILIZACIÓN DE EDIFICIOS, LOCAIS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS.-

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 23 de abril de 2013; no seguinte sentido:

“Estando presente para tratar este punto a Sra. Pérez Iglesias, técnica en administración xeral e urbanismo, por indicación da presidenta desta Comisión informativa, pasou a realizar a seguinte explicación:

-Que esta ordenanza municipal ven complementada cunha ordenanza fiscal sobre o mesmo asunto, cal é a utilización das instalacións municipais. A municipal regula as normas xerais de uso e a fiscal regula a parte económica, onde se prevé cobrar unha taxa polo uso, pero só cando se trate de actividades que se desenvolvan con ánimo de lucro ou das que se obteña un aproveitamento económico.

- Que os aspectos a destacar da ordenanza serían:

• Que o uso pode ser tanto esporádico como temporal: O esporádico é cando non exceda de sete días, tanto continuados como interrompidos. O temporal é un uso que vai desde oito días, ata un ano, prorrogable por períodos anuais ata un prazo máximo de catro anos en total.

• Que as formas de cesión de uso poden ser: o uso compartido entre dúas ou máis persoas ou entidades, ou o uso exclusivo, e darase sempre prioridade ao uso compartido, reservando o uso exclusivo para os supostos en que non exista a posibilidade anterior, ou o órgano competente o considere oportuno atendendo a razóns de interese público, é dicir, que o uso exclusivo será un uso excepcional.

• Que nesta ordenanza tamén se contemplan as prioridades para o acceso ao uso: en primeiro lugar teñen prioridade absoluta os actos realizados polo concello; e despois atenderanse as solicitudes consonte a seguinte prelación:

- Centros escolares do Concello de Arzúa e as súas ANPAS, especialmente para aquelas actividades que non se poidan realizar nas súas instalacións.

- *Asociacións sociais, culturais, veciñais e deportivas municipais inscritas no Rexistro de Asociacións do Concello de Arzúa.*
- *Partidos políticos con representación no Pleno.*
- *Calquera outra entidade ou empresa con sede social no Concello de Arzúa.*
- *Particulares empadroados no Concello de Arzúa.*
- *Calquera outra entidade, empresa, colectivo ou particular que o solicítase.*

• *Que o procedemento a seguir para solicitar a utilización dunha instalación municipal contéplase na ordenanza de xeito moi pormenorizado. O inicio sería a presentación da solicitude de uso, conforme ao modelo que se contén na ordenanza, onde se recollen os datos e a documentación que se ten que achegar. Despois o procedemento desdóbrase nun procedemento xeral (para usos temporais) e nun procedemento abreviado (para usos esporádicos).*

• *Que as cesións de uso, reguladas nesta ordenanza, son autorizacións de uso de bens de dominio público, reguladas no artigo 92 da Lei de Patrimonio das Administracións públicas.*

• *Que esta ordenanza é ambiciosa no sentido de que regula a utilización dos edificios, locais e instalacións municipais, tanto por persoas físicas como xurídicas, públicas como privadas, e con ou sen ánimo de lucro. É dicir, que así como na maioría dos concellos o que se regula simplemente é a cesión de uso de modo gratuito en favor de asociacións inscritas nos rexistros municipais, aquí preténdese non excluír a priori a ninguén, e introducir diferencias solo dende o punto de vista económico, segundo os casos.*

Pregunta o Sr. Orois Valiño (do PP).- Que se por exemplo no multiusos, en virtude desta normativa, unha empresa privada organizase un evento, coas autorizacións correspondentes e cumprindo a normativa vixente, e sempre que houbera ánimo de lucro, estaría obrigada a pagar as taxas; pero se cobrase entrada, non con ánimo de lucro, senón como donativo, para que ese diñeiro fora destinado a Cáritas ou para calquera asociación benéfica, nese caso ¿podería haber exención da taxa?

Contesta a Sra. Pérez Iglesias:

- *Que prefire que este tema se lle pregunte á interventora, porque está relacionado coa ordenanza fiscal e non coa ordenanza de uso.*

- *Que ela cre que sempre que se reciba unha contraprestación polo cesionario do uso, con independencia do destino ou finalidade da mesma, habería que cobrar a taxa, non obstante é simplemente unha opinión, porque quen sabe realmente desde tema é a interventora.*

Pregunta a Sra. Balado Conde (do PSdeG- PSOE): ¿Se o tema dos destrozos das cousas esta regulado nesta ordenanza?

Contesta a Sra. Pérez Iglesias que si está regulado, que hai a obriga de deixar todo como estaba, e no caso de que non se cumpra esa obriga -ademais de poder ser sancionados os usuarios- reclamariáselles a indemnización por danos e prexuízos, que é independente da sanción.

Pregunta o Sr. Orois Valiño (do PP) que se o uso solicitado no multiusos fora por unha iniciativa privada, nun suposto como por exemplo o que pasou recentemente no caso do Madrid Arena, ¿tamén se contempla na ordenanza a esixencia de presentar un plan de evacuación e emerxencia?

Contesta a Sra. Pérez Iglesias:

-Que así en concreto, non.

-Que o tema do control dos permisos dependería do departamento correspondente en cada caso, neste caso do de urbanismo; pero que na ordenanza non se contemplan especificamente os permisos que hai que presentar en cada caso.

- Que o que se fai é aludir aos informes favorables que deberán presentarse polos técnicos de urbanismo, así como que o usuario se compromete á previa obtención á súa costa de cantas licencias e permisos requira o uso do ben ou a actividade de que se trate.

Indica o Sr. Orois Valiño (do PP) que o plan de evacuación e emerxencia é obrigatorio.

Contesta a Sra. Pérez Iglesias que a ordenanza non contempla os permisos ou licencias que hai que presentar en cada suposto de uso, xa que é unha ordenanza reguladora do uso xeral, non específico; e que si o técnico de urbanismo considera que para facer un informe favorable fai falta que se presente algún plan ou permiso, a ordenanza limitase a permitir que eses documentos poidan ser solicitados e incorporados antes da resolución de concesión ou denegación.

Pregunta a Sra. Balado Conde (do PSde G-PSOE): ¿Que permiso de uso se podería dar como máximo para a utilización das instalacións?

Contesta a Sra. Pérez Iglesias que como máximo catro anos, a partir de ahí habería que presentar unha nova solicitude. A duración temporal normal sería dun ano natural, e a partir de ahí, ata os catro anos, habería que solicitar prorrogas.

Indica tanto a Sra. Balado Conde como o Sr. Orois Valiño que lles parece que está correcta e que para o vindeiro Pleno estudarán o tema das cotas.

Considerada a conveniencia de aprobar esta ordenanza, o Sra. presidenta decidiu someter a votación ordinaria a proposta de aprobación da mesma polo Pleno do Concello;

Adoptándose –por seis votos a favor (2 do BNG, 3 PP e 1 PSOE)- o pronunciamento de propoñer ao Pleno a aprobación de dita ordenanza, nos termos en que quedou redactada.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

**Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para manifestar que está a favor da aprobación desta ordenanza.*

*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar:

-Que tendo en conta o que dixo antes –cando se tratou da ordenanza fiscal sobre a posibilidade que lles fora facilitado un borrador de dita ordenanza, cre que a ordenanza presentada está bastante incompleta e que dá a impresión que se fixo depresa e correndo, aínda que con boas intencións, e sen que houbera mala fe, pero hai cuestións que deixa pendentes.

- Que fálase da utilización compartida dun espacio ou local, como pode ser o recinto multiusos, para o cal previuse unha taxa de 50 euros por día, co cal non está de acordo porque considera que debería de haber unha certa proporcionalidade entre a taxa e o beneficio ou lucro que se obtivese pola utilización.

- Que imaxinemos que se faga un outlet no multiusos, onde se instalen vinte ou máis comercios, entón só van pagar entre todos 50 euros, o cal non ten moito sentido; ou que se autorice a utilización desas instalacións para facer un día un concerto de rock, non tería tampouco sentido que se pagase só 50 euros.

- Que cre que a ordenanza se fixo de boa fe, pero considera que podería mellorarse, e sente que estas ideas non as poidesen aportar antes.

- Que unha ordenanza ten carácter xeral, pero tamén as actividades poderíanse relacionar dunha forma individualizada e os custos e taxas podían ser diferentes.

*Da Sra. Varela Duro (do BNG) para expoñer:

- Que todo é susceptible de cambio e modificación; pero, se aprobamos esta ordenanza, pasamos de non ter nada a ter algo, polo que imos seguir adiante con ela.

- Que se poderían matizar cuestións desta ordenanza, para que quede máis clara; así:

- Os locais podense utilizar de maneira esporádica en torno a sete días, que será probablemente a utilización máis frecuente, sobre todo nos locais sociais das parroquias.

- O uso temporal implicaría unha utilización de oito ou máis días ata un ano, prorrogable a catro.

- As actividades que se van a priorizar serán as que propoña o concello, tanto nos locais das parroquias como no multiusos.

- A solicitude de uso pode parecer complexa, pero no o é.

- O uso está regulado e, se calquera persoa ou asociación non cumpre ou non respete as instalacións, hai unha forma de reclamarlle para que indemnice.

*Do Sr. alcalde para expoñer:

-Que quere aclarar un pouco como foi o proceso de elaboración desta ordenanza, era un paso necesario que había quedar, porque despois do esforzo que se fixo ao longo dos anos para a restauración e construción de locais nas parroquias, faltaba ordenar a súa utilización; porque, se non hai unha norma que regule a utilización, as consecuencias poden ser graves.

-Que, antes de ser alcalde, durante catro anos foi concelleiro de cultura e, como ese departamento xestiona a maoría dos locais, coñecía ben a problemática que estaba habendo coa súa utilización.

- Que no proceso de elaboración foronse intercambiando ideas e aportando datos coa persoa que realizou o traballo, e, cando dixo que non tivo a ordenanza ata

dous días antes de que poidera ser presentada nas comisións informativas, non foi porque non se traballara nela, senón porque se estivo correxindo; e para iso contouse coa opinión tanto do técnico de cultura como do técnico de deportes, porque son as dúas persoas que xestionan estes locais.

- Que se tratou de que fora unha ordenanza simple, porque cando unha cousa é moi complicada apenas se utiliza; a partir da normativa contida nesta ordenanza a xente saberá a que aterse cando queira utilizar unha instalación pública.

Tras todo o exposto, e unha vez fixados os termos da votación, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a aprobación da ordenanza presentada;

Adoptándose -por seis votos a favor (5 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE), coa abstención dos seis concelleiros do Partido Popular- os acordos que deseguido se transcriben:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a ordenanza reguladora da utilización de edificios, locais e instalacións municipais, nos termos en que foi redactada.

Segundo.- Expoñer ao público o expediente no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán presentar reclamacións e suxerencias.

Terceiro.- Que, para o suposto de que non se presenten reclamacións contra dita ordenanza, durante ese período de información pública, considerárase elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial.

Cuarto.- Para o anterior suposto (de aprobación tácita) publicarase integramente –o texto da referida ordenanza así como este acordo de aprobación- no Boletín Oficial da Provincia.

Sen que poida entrar en vigor a ordenanza ata que fora publicada en dito Boletín, e transcorra tamén o prazo de quince días hábiles a que se refire o artigo 70 nº 2, en relación co artigo 65 nº 2 da Lei 7/1985 de 2 de abril; e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Punto 7º) MEDIDAS A ADOPTAR EN RELACIÓN COA RENUNCIA PRESENTADA POR AQUAGEST, S.A. NO PROCEDIMIENTO DE CONTRATACIÓN DA OBRA NOMEADA “MELLORA HIDRÁULICA DA REDE DE ABASTECIMIENTO DE ARZUA”

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 23 de abril de 2013; no seguinte sentido:

“Polo secretario infórmase:

a) Que a citada obra foi incluída polo Pleno do Concello no “Plan DTC 94: Unha Deputación para todos os concellos”, xunto con outras tres obras máis, as cales xa foron contratadas ás empresas que resultaron adxudicatarias nos procedementos de contratación tramitados.

b) Que esta obra tamén debería ser contratada, ao mesmo tempo que as outras, pero non puido ser porque cando se ía a realizar o trámite de seleccionar á oferta máis ventaxosa, que foi a de AQUAGEST, S.A., esta empresa presentou un escrito no Rexistro Xeral do Concello o 11 de marzo de 2013, a través do cal o representante legal manifestaba que renunciaba a todos os efectos á licitación de dita obra; dándose a circunstancia de que as propostas presentadas polas outras dúas empresas consultadas EXCAVACIONES MIDON, S.L. e CONSTRUCCIONES BOQUEIXON, S.L., foron rexeitadas.

c) Que, na sesión que celebrou a Xunta de Goberno Local o día 12 do mesmo mes, adoptouse –entre outros- o acordo de aceptar esa renuncia, e someter a informe da Comisión informativa para Asuntos do Pleno o da Comisión especial de Contas, economía e facenda a valoración da xustificación ou non da retirada da súa proposición pola empresa AQUAGEST, S.A., aos efectos de adoptar, no seu caso, contra ela as medidas indicadas na cláusula 15 nº 3 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que reixe esta contratación.

d) Que tamén acordouse nesa sesión:

- *Iniciar un novo expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, con suxección ao mesmo prego de cláusulas administrativas particulares que ten aprobado a Deputación Provincial, para rexir a contratación das obras incluídas nos plans provinciais.*

- *Solicitar a presentación de ofertas ás seguintes tres empresas: CONSTRUCCIONES ROCHA CORRAL, S.L., ANTONIO FILLOY, S.A. e CONSTRUCCIONES GONZÁLEZ Y GONZÁLEZ, S.L., e*

- *Solicitar unha prorroga de dous meses á Deputación Provincial, para poder presentar a documentación xustificativa da adxudicación desta obra.*

e) Que a cláusula 15ª nº 3 (Renuncia) do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares dispón:

- Que “a presentación da oferta vincula ao contratista coa Administración, de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato ou á execución da obra, realizada en calquera fase de tramitación do expediente, faculta á Corporación a que proceda á incautación da garantía, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e prexuízos causados á Administración contratante e demais consecuencias previstas no Real Decreto Legislativo 3/2011 de 24 de novembro, polo que se aprobou o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSF).

- Que tendo en conta que os contratistas están dispensados de constituir a garantía provisional, a Corporación poderá esixir dito importe mediante o procedemento de apremio, así como para indemnización de danos e prexuízos.”

d) *Que formulandose ao servizo xurídico de El Consultor de los Ayuntamientos a valoración das consecuencias, por razón da renuncia que presentara AQUAGEST, S.A. á contratación desta obra, por dito servizo informouse:*

1.- *Que a cláusula 15 nº 3 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares nunca debeu incluírse en dito prego, e debe considerarse como un erro, porque se non se esixe a constitución de garantía provisional no propio prego, non se poden establecer despois normas para a súa incautación.*

2.- *Que ningún precepto da normativa contractual regula a indemnización de danos e prexuízos dun licitador á Administración, nunha fase previa á perfección do contrato, precisamente porque para eso está prevista a garantía provisional.*

3.- *Que, en cualquiera caso, aplicando os principios xerais sobre indemnización de danos e prexuízos, deberán acreditarse os danos efectivamente sufridos e a súa avaliación económica; entendendo entón que deberían avaliarse os custos que tivo a Administración polo procedemento de adxudicación, que serían os gastos de persoal e publicacións, e, realizada esta avaliación, esixir a indemnización.*

4.- *Que o artigo 60 nº 2 letra d) do TRLCSP establece como prohibición para contratar coas Administracións públicas o “haber retirado indebidamente su proposición en un procedimiento de adjudicación”. E con arranxo ao artigo 61 “la apreciación de esta prohibición de contratar requerirá la previa declaración de su existencia mediante procedimiento de efecto”. En tal caso, “el alcance y la duración de la prohibición se determinaran siguiendo el procedimiento que en las normas de desarrollo de esta ley se establezcan, atendiendo –en su caso- a la existencia de dolo o manifiesta mala fe en el empresario y a la entidad del daño causado a los intereses públicos”*

Indicando o punto 5 de dito artigo 60 que “a los efectos de la aplicación de este artículo, las autoridades y órganos competentes notificarán a la Junta Consultiva de Contratación Administrativa del Estado y a los órganos competentes de las Comunidades Autonomas, la comisión de los hechos previstos en las letras b), d) e e) de su apartado 2, a fin de que se puedan instruir los expedientes previstos en este artículo o adoptarse las resoluciones que sean pertinentes y proceder, en su caso, a súa inscrición en el Registro Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas que sea procedente. Asimismo la Junta Consultiva de Contratación Administrativa del Estado podrá recabar de estas autoridades y órganos cuantos datos y antecedentes sean precisos a los mismos efectos”.

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

** Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar que vai a estudar este asunto para a próxima sesión do Pleno, e que fora máis acertado que esta obra lle interesara a AQUAGEST, S.A. para que no futuro non houbera problemas por ser dous empresas distintas en realizar traballos practicamente iguais.*

** Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expoñer:*

- Que se houbera unha oferta doutra empresa mellor que a de AQUAGEST tería que ser adxudicada a esa outra empresa, pero resultou que non puido ser así, porque as propostas das outras dúas empresas foron rexeitadas.

- Que, á vista do informe xurídico lido, está clarao que o equipo de goberno debe avaliar a forma en que se debe proceder.

** Da Sra. Varela Duro (do BNG) para expoñer que está claro que non se pode incautar o importe da fianza provisional, cando esta non se prestara, e que considera que tampouco houbo dolo nin intencionalidade na renuncia presentada pola empresa AQUAGEST.*

** Do Sr. Orois Valiño para indicar que aínda que os danos e prexuízos sexan mínimos, porque a demora na execución desta obra vai ser duns meses, haberá que facer unha valoración dos prexuízos causados ao Concello, e esa valoración considera que tería que facerse pola Intervención.*

** Da Sra. Balado Conde para indicar que non é tanto prexuízo ocasionado.*

Tras todo o expuesto se conviuse –por unanimidade dos seis membros asistentes (3 do PP, 2 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE)- en deixar este asunto pendente ata a próxima sesión do Pleno.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

**Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar:*

- Que non é normal que xa teñas contratada unha obra e a empresa se volva atrás, pero os prexuízos que causa neste caso non son tan graves, porque a xente ten auga e non hai ningún veciño que resulte perxudicado; e a documentación administrativa foi realizada en horas de traballo.

- Que non sabe se se vai a demorar moito esta contratación.

**Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar:*

- Que os prexuízos económicos pode ser que non sexan grandes, e aínda que no informe xurídico que se presenta se fala de atender á existencia de dolo e mala fe do empresario, o que está claro é que aquí houbo algún tipo de irregularidade.

- Que dolo, no ámbito penal, é o querer facer mal e ter intención de facelo; non cre que a empresa tivera ningunha mala intención, pero trátase dunha actuación irregular.

- Que, xa sexan grandes ou pequenos, se hai uns danos aos cidadáns polo retraso na execución da obra; pero tamén hai uns danos mínimos ao concello, que hai que reclamar.

- Que non podemos ser irmáns da caridade cunha empresa que, de forma unilateral, deixou de cumprir as súas obrigas; tamén, cando temos un contrato con AQUAGEST, temos que cumprilo, senón incorremos nalgún tipo de responsabilidade.

- Que desde o seu punto de vista hai que actuar conforme á lei e conforme ao interese público, e por moi pequeno que sexa o dano –si é cuantificable- habería que reclamarlo, se o dano non é cuantificable non somos nós quen o temos que determinar.

* Da Sra. Varela Duro (do BNG) para expresar que se remite ao que se dixo na sesión da Comisión informativa, e naquel momento valoraron que non había intención de danar e perxudicar ao concello e que, dadas as circunstancias de que non había o requisito de pedir unha fianza provisional, consideramos que non era importante reclamar cantidade algunha, cando ademais todo o traballo administrativo realizouse en horario laboral.

*Do Sr. alcalde, para expoñer:

- Que, desde o seu punto de vista, o fallo máis importante está no prego de cláusulas administrativas que serve de base para a contratación porque, se nel se especificara que as empresas teñen a obriga de prestar unha fianza provisional, non estaríamos agora con este problema, xa que se houbera incautado esa fianza. Tal como se indica no informe de “El Consultor”, o fallo está no prego.

- Que se trata dunha obra de mellora da presión da auga, polo tanto non causa ningún tipo de problema aos veciños, xa que se trata de mellorar algo que xa teñen.

- Que, como o fallo cremos que está no prego, non imos pedir unha indemnización por 50 ou 100 euros, que podería ser o valor do tempo empregado pola Mesa de Contratación, cando ademais reuniuse en horario de traballo.

Tras as intervencións realizadas, o secretario informou que hai outra cuestión a ter en conta neste asunto, que é a notificación á Junta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado, por haber retirado indebidamente AQUAGEST a súa proposición; aínda que, tal como se plantexou este punto da Orde do día, esta sería unha decisión a tomar polo órgano de contratación ou polo alcalde, e non polo Pleno.

En consecuencia con todo o exposto, o Sr. alcalde decidiu someter a votación ordinaria a procedencia ou non de reclamar unha indemnización por danos e prexuízos causados ao Concello por parte da empresa AQUAGEST, debido á retirada inxustificada da proposta que presentou para a contratación da obra “Mellora hidráulica da rede de abastecemento de Arzúa”, considerando que eses danos son mínimos.

Adoptándose o acordo de realizar esa reclamación á empresa AQUAGEST, S.A.; posto que o resultado da votación foi de seis votos a favor diso (dos seis concelleiros do PP) e catro en contra (dos seguintes concelleiros do BNG: Sr. alcalde, Sra. Torreiro González e Sra. Varela Duro, así como da concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Balado Conde), e coa abstención dos concelleiros do BNG Sr. Bermúdez Taboada e Sr. García Couso.

Punto 8º) PLAN DE IGUALDADE III

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o o día 23 de abril de 2013; no seguinte sentido:

“Intervén a presidenta desta comisión informativa, Sra. Varela Duro (do BNG), para preguntar aos concelleiros asistentes se votaran unha ollada ao documento no que se contén o III Plan de Igualdade de Oportunidades entre Homes e Mulleres 2013-2016.

Manifesta a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) que é importante que este plan se atope nos Concellos, e máis agora no momento que estamos pasando, para que non haxa desigualdade entre homes e mulleres.

Tras expoñer a Sra. Varela Duro cales son os obxectivos deste III Plan de Igualdade, someteuse a votación ordinaria a súa aceptación nos termos en que foi elaborado.

Acordando os seis membros desta Comisión informativa (3 do PP, 2 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE)- deixar este asunto pendente ata a próxima sesión do Pleno.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

*Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE), para expoñer que estúvole votando unha ollada a este Plan de Igualdade, e parecelle moi interesante e moi importante, sobre todo para os tempos que estamos a vivir, onde se esta acentuando máis a desigualdade entre todos os sectores; para calquera Concello é interesante ter este plan.

*Do Sr. Orois Valiño (do PP), para expresar:

- Que quere felicitar ao Concello e a concelleira responsable deste Plan de Igualdade, porque non lle encontra mácula algunha, parecelle excepcional.

- Que diciase que Galicia era a terra do matriarcado, cando os maridos estaban na emigración en Alemaña, Francia... e sentíamonos orgullosos de que as nais e avoas coidasen dos fillos, pero era unha palabra sen contido ningún, porque Galicia tamén por desgracia e unha terra de patriarcado, en onde os homes despois de comer imos as tabernas a xogar a partida e as mulleres quedan traballando na casa; a conciliación laboral deixa moito que desexar.

- Que hai leis orgánicas, sobre violencia de xénero e sobre medidas de igualdade da Xunta de Galicia.

- Que temos que facer aquí un recoñecemento a todas as mulleres de Galicia, por aguantar como aguantaron nunha terra como é a nosa.

- Que temos que procurar que este plan de igualdade se cumpra, porque sería un éxito sensacional.

* Da Sra. Varela Duro (do BNG) para expresar:

- Que este plan foi froito de reunións, e teñen moito que ver as traballadoras do CIM.

- Que este plan de igualdade, que e o terceiro neste concello, é un reflexo do que se fai internacionalmente, neste ámbito en 1948 foi cando se fixo a primeira declaración de dereitos humanos, e a partir de ahí foi cando se foron reforzando as políticas de igualdade; no ámbito estatal coa Constitución do 1978, na Unión Europea

co tratado de Amsterdam e a nivel autonómico iniciouse no 2004 unha lei para eliminar esas diferenzas que existen entre homes e mulleres.

- Que neste plan de igualdade, o glosario da unha idea da súa envergadura.
- Que pensamos que se trata dun plan realista, porque está enmarcado de tal maneira que, as actividades propostas, podense levar a cabo sen moito esforzo e diñeiro e con unha boa predisposición de ánimo e vontade.

- Que unha das cousas que se estivo facendo, en relación coa eliminación das diferenzas, foi un itinerario da coordinación interinstitucional coa colaboración do ámbito sanitario, xurídico, policía local, o CIM e os concelleiros, cun obxectivo común que é traballar nos protocolos de actuación cando existe violencia de xénero e doméstica.

- Que loitaremos para que este plan se materialice e consigamos eliminar esas diferenzas, intentando mellorar todo o relacionado coa conciliación da vida laboral e familiar, e que todos poñamos un pouco da nosa parte, para eliminar esas barreiras que temos para considerar iguais homes e mulleres, cada persoa ten que ser ela mesma e defender a súa propia dignidade tanto sexa home ou muller.

*Pola Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para manifestar que está de acordo co que expuso a Sra. Varela Duro.

* Polo Sr. Orois Valiño (do PP) para indicar que quere felicitar a Sra. Varela Duro pola exposición que realizou.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde decidiu someter a votación ordinaria este asunto;

Adoptándose –por unanimidade dos doce membros asistentes- os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar o III Plan de Igualdade de Oportunidades Municipal de Arzúa, que foi elaborado para o período 2013-2016.

Segundo.- Que a concellería de Benestar Social, Consumo e Sanidade, a través do Centro de Información á Muller Municipal, realizará as funcións de impulso e coordinación das medidas previstas no Plan.

Terceiro.- Que os distintos departamentos municipais adoptarán as medidas necesarias para o desenvolvemento e execución deste III Plan de Igualdade de Oportunidades Municipal, no ámbito das súas competencias.

*Punto 9º) **MOCIÓN PRESENTADA NO REXISTRO XERAL DO CONCELLO O DÍA 12 DE ABRIL DE 2013 (REXISTRADA AO NÚMERO 807) POLA CONCELLEIRA DO PS DE G-PSOE, SRA. BALADO CONDE, SOBRE O RECHAZO AO REPAGAMENTO DO SERVIZO DE COMEDORES ESCOLARES.***

*Punto 10º) **MOCIÓN PRESENTADA NO REXISTRO XERAL DO CONCELLO O DÍA 19 DE ABRIL DE 2013 (REXISTRADA AO NÚMERO 859)***

POLO GRUPO POLÍTICO DO BNG, SOBRE O NOVO COPAGO DOS COMEDORES ESCOLARES.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 23 de abril de 2013; no seguinte sentido:

*“Intervén a presidenta desta Comisión informativa, Sra. Varela Duro (do BNG), para manifestar que como tamén se presentou outra moción polo Bloque Nacionalista Galego, a través dela como voceira, **SOBRE O NOVO COPAGO DOS COMEDORES ESCOLARES** (que figura incluída no seguinte punto da orde do día desta sesión) -cuxa moción vai na mesma liña que a moción presentada pola concelleira do PSdeG-PSOE-, podíanse refundir ambas mocións.*

Manifesta a Sra. Balado Conde (do PS de G-PSOE) que non tería inconvinte, porque este asunto do copago -no ámbito rural- vai a afectar moito, e sobre todo a noso Concello.

Porén o Sr. Orois Valiño (do PP) considera que ía a afectar moi pouco, porque vai por rentas.

Non comparte esta opinión a Sra. Balado Conde que manifesta que unha familia que sexa mileurista vai ter que pagar.

Volve a intervir a Sra. Varela Duro para expoñer que non se trata de ver só o copago, senón de ter en conta que tamén incide cos gastos e impostos a que están suxeitas as familias, como a suba do butano ou a do consumo eléctrico, e en liñas xerais vai a saír máis xente perxudicada que favorecida; tamén considera que en educación e en sanidade non se deberían escatimar gastos.

Manifesta o Sr. Orois Valiño que el pensa que vai ser ao revés, porque máis do 60% da xente non vai pagar.

Tras o exposto, a Sra. Presidenta someteu a votación ordinaria, de maneira sucesiva, as dúas mocións sobre o copago do servizo de comedores escolares:

***I) En primeiro lugar, a presentada polo concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Balado Conde;** pronunciándose a favor da mesma as dúas concelleiras do BNG e a concelleira do PSdeG-PSOE que presentara a moción; e en contra os tres concelleiros do PP, e*

***II) En segundo lugar, a presentada polo BNG;** dándose o mesmo resultado, xa que se pronunciaron a favor desta moción as dúas concelleiras do BNG e a concelleira do PSdeG-PSOE e en contra os tres concelleiros do PP.*

Chegado este momento, a presidenta Sra. Varela Duro realizou a observación de que como a aceptación ou non de cada concelleiro, en relación coas dúas mocións

descritas, presumiblemente sería a mesma que a que se adoptase en relación coa moción incluída no seguinte punto do orde do día, que se refire á **MOCION SOBRE MEDIDAS E ACTUACIÓNS EN MATERIA DE POLÍTICA CULTURAL** (presentada por ela, como voceira do grupo político do BNG), podíase someter xa a votación a proposta de inclusión de dita moción na orde do día da próxima sesión do Pleno, para que se adoptasen os acordos que figuran na mesma.

E estando de acordo todos os asistentes en que se realizase a votación de dita moción, sen necesidade de realizar previamente o seu debate;

Pronunciáronse a favor da mesma os dous concelleiros do BNG e a concelleira do PSdeG-PSOE e en contra os tres concelleiros do PP.

Polo que cabe entender que, ao producirse un empate nas tres votacións anteriores, o voto de calidade da presidenta decidiría ese empate e suporía que esas tres mocións terían que ser tratadas na vindeira sesión que celebrará o Pleno do Concello o día 26 de abril.”

Sendo o contido de ambas mocións o seguinte:

MOCIÓN a que se refire o punto 9º) da Orde do día desta sesión.

“A Xunta de Galicia veu de anunciar nas primeiras semanas do mes de marzo un incremento nas taxas polo uso dos comedores escolares, limitando o acceso aos mesmos a unha gran parte dos alumnos/as e encarecendo notablemente o uso dos mesmos, con criterios estritamente economicistas.

O mantemento dos servizos públicos susténtase nos principios de solidariedade e progresividade fiscal. A Xunta de Galicia rechazou recentemente, na tramitación dos presupostos autonómicos do 2013, unha proposta do PSdeG-PSOE referida ao incremento do tipo máximo no tramo autonómico do IRPF para as rendas máis altas, na procura de mellorar a progresividade fiscal en Galicia, co único argumento de que a efectividade recadatoria da medida proposta polo PSdeG-PSOE sería “irrelevante”.

Na mesma tramitación dos presupostos, o PSdeG-PSOE tamén propuxo a creación dun imposto á banca sobre os depósitos, proposta esta que o PP rexeitou co seu voto en contra no Parlamento de Galicia. Feijoo negouse a apoiar estas iniciativas propostas polo PSdeG, renunciando así a medidas que afondaban na progresividade fiscal e na idea de que paguen “máis os que máis teñen”.

Agora o PP por voz do seu Conselleiro de Educación utiliza o argumento de que “pague máis o que máis ten” para estender e endurecer un repago polo uso dos comedores escolares nun novo ataque á clase media traballadora polo uso dun servizo básico educativo. Esta medida suporá, por exemplo, que moitas familias con dous fillos teñan que pagar 198 euros polo uso do comedor no vindeiro mes de abril do ano 2014.

En lugar de incrementar o IRPF para as rendas máis altas ou crear un novo imposto á banca, a Xunta de Galicia prefire subir as taxas polo uso dos comedores escolares ao tempo que despide a miles de profesores e se gasta máis de 3 millóns de euros ao ano na subvención de colexios vinculados á igrexa e declarados ilegais por segregaren ao seu alumnado por razón de sexo ou manter intacto os 28 millóns de euros que se destinan ao ensino da relixión nos colexios.

O repago nos comedores escolares é un paso máis na desigualdade no acceso aos servizos públicos ao que seguirán outras medidas, coa mesma lóxica argumental, como o do repago no transporte escolar.

Polo exposto, o Concello de Arzúa manifesta o seu total rexeitamento ao repagamento do servizo de comedor que pretende establecer a Xunta para o vindeiro curso, por ser un novo machazo ás clases medias traballadoras.”

MOCION a que se refire o punto 10º) da orde do día desta sesión.

“O pasado día 12, deste mes de marzo, o goberno do PP na Xunta de Galicia dou a coñecer un novo recorte no dereito á educación dos galegos e galegas, cunha medida que afecta directamente ao alumnado do noso país. O goberno do PP anuncia a ampliación do copago do servizo de comedor escolar.

Esta decisión carga sobre as precarias economías das familias a obriga de facer fronte ao pago dunha parte importante deste servizo. Un servizo necesario para garantir un dreito fundamental como é o Dereito á Educación que, con esta imposición do goberno do PP, ven a deteriorar o ensino público no que respecta ao servizo de comedores escolares.

Esta actuación do goberno do PP na Xunta de Galicia evidencia a súa despreocupación polo ensino público, provocando o seu deterioro polos sucesivos recortes dos últimos anos: recortes no número de profesores e profesoras; recortes nos orzamentos dos centros; recortes nas axudas para libros, nas axudas para bibliotecas, atrasos nas transferencias económicas para comedores escolares, recorte no servizo de comedores, empeoramento das condicións socio-laborais do profesorado, recortes nos servizos de normalización lingüística e unha longa cadea de despropósitos que deterioran un servizo público básico da sociedade.

Pola contra, todos estes recortes no ensino público contrastan cos 240 millóns de subvención ao ensino concertado, cos 3 millóns de euros de subvención para centros que segregan ao alumnado por razón de xénero e que o propio Tribunal Superior de Xustiza de Galicia declarou ilegal.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

1. Instar á Xunta de Galicia a non establecer un novo copago no servizo de comedores escolares.

2. Demandar da Xunta de Galicia velar polo dereito á educación, garantindo un servizo de comedor escolar de calidade para o alumnado que o necesite.

3. Instar á Xunta de Galicia a ampliar o servizo de comedor gratuito ao alumnado con poucos recursos económicos do ensino infantil e de primaria.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

*Pola Sra Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expoñer:

- Que no colexio público de Arzúa hai máis de douscentos nenos e moitos pais van ter que pagar o comedor escolar, segundo a renda que teñen.

- Que un pai que cobre 1.000 euros o mes vai ter que pagar o comedor, e non só e pagar o comedor por pouco que sexa, porque a iso unense os demais gastos; e iso no momento que estamos, en que hai gastos por todos os lados e poucos ingresos.

- Que vai haber unha desigualdade, porque os nenos das parroquias van ser o máis perxudicados, porque os de Arzúa poden ir comer á casa porque a teñen cerca.

- Que co tempo seguro que tamén vai haber copago no transporte escolar e todo suma a final de mes.

*Polo Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar:

- Que a Sra. Balado Conde ten unha mala información, nesta lexislatura vanse crear 11.000 prazas máis de comedor.

- Que actualmente unha persoa que gaña 100.000 euros ao ano e teña transporte escolar paga cero euros de comedor. E preguntalle a Sra. Balado Conde ¿se lle parece ben que unha persoa que gaña estes cargos non pague polo comedor?

- Que se fixo un estudo segundo o tipo de familia:

• Familia monoparental cun fillo:

→ Se ingresa menos de 1.166 euros netos ao mes en 12 pagas ou 1.000 euros en 14 pagas, paga cero euros.

→ Se ingresa 1.250 euros netos ao mes, paga 1 euro ao día.

→ Se ingresa máis de 1.500 euros netos ao mes, paga 4,5 euros cando son dúas persoas na familia.

• Familia pai, nai e dous fillos –un en idade escolar e outro non-:

→ Se ingresa menos de 2.333 euros netos ao mes en 12 pagas ou 2.000 euros en 14 pagas, gratis.

→ Se ingresa 2.500 euros netos ao mes, paga 1 euro ao día.

→ Se ingresa 3.000 euros netos ao mes, 2,5 euros día por neno.

→ Se ingresa máis de 3.000 euros netos ao mes, 4,5 euros o día.

• Familia de pai, nai e tres fillos en idade escolar:

→ Se ingresa menos de 2.915 euros netos ao mes, gratis.

• Familia de pai, nai e tres fillos, dous en idade escolar:

→ Se ingresa menos de 2.915 euros netos ao mes, gratis.

→ Se ingresa 3.000 euros netos ao mes, 1 euro por fillo

→ Se ingresa 3.500 euros ao mes, 2,5 euros por fillo.

- Que a Arzúa pouco lle vai afectar, porque poucos soldos hai de 2.000 euros e 3.000 netos ao mes; e a el caeríalle a cara de vergoña de estar nesta situación e non pagar o comedor dos seus fillos.

- Que na Comisión Informativa dixo que as familias que teñen unhas rendas altas e o fillo quere ir a ensinanza pública, debe pagar unha porcentaxe da mesma. Esa é unha maneira de contribuír.

- Que o gratis total desapareceu, ten que pagar máis o que máis ten.

- Que dende o noso punto de vista o grupo do PSdeG-PSOE non ten razón ningunha, e cando se analice a casuística dos que pagan comedor en Arzúa vanlle dar a razón.

*Pola Sra. Varela Duro (do BNG) para expoñer:

- Que a moción tanto do PSOE como do BNG son moi semellantes, tanto no fondo como na forma son o mesmo.

- Que os deputados do PP e o resto no parlamento pagan 7 euros polo menú diariamente, e ahí non se valora se cobran máis ou menos, deberían pagar o menú como ten que ser, para compensar nos colexios ou a xente que ten dificultades económicas.

- Que a educación e a sanidade son servizos básicos e non deberían ser tocados, porque loitamos por iso hai moito tempo, por unha educación gratuita e en igualdade de condicións.

- Que neste sistema están sendo mingunados as clases baixas.

- Que non debemos de ocultar a realidade, neste momento hai xente que ten moitas necesidades e non van ter que pagar só polo comedor, senón por máis cousas.

- Que debemos loitar pola educación, pola sanidade e loitar por mentes abertas e por unha cultura ampla, porque o PP segue a estar ocultando a realidade, unha realidade bastante perxudicial para os que están por abaixo; loitemos pola igualdade salarial entre homes e mulleres, loitemos para que as persoas teñan unha vida digna.

- Que hai que reducir sí, pero noutras cousas.

- Que hai que dicir non ao copago, porque cre que todas as clases sociais deben ter igualdade para a educación.

*Pola Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar que cre que non temos as mesmas cifras que o Sr. Orois Valiño, hai moitos pais en Arzúa que están cabreadísimos con esto do copago, xa non só é pagar comedores, senón libros, medicinas etc..., e iso son demasiado copagos nunha familia.

*Polo Sr. Orois Valiño (do PP) para manifestar:

• En relación coa intervención da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE):

-Que o copago foi implantado nos comedores escolares polo bipartito, pola Orde do 21 de febreiro de 2007, foi defendido publicamente pola conselleira de educación naquel momento Laura Sánchez Piñón, porque entendíao como un modelo bo e xusto, porque o comedor pagárase en función da renda; polo tanto o PSOE “segundo vai a feira así predicades”.

• En relación coa intervención da Sra. Varela Duro (do BNG):

- Que se estamos falando do copago, non se pode falar do que pagan os Deputados polo menú; o que é corrupto ten que pagar por iso.

- Que o tempo dirá se vai funcionar ben o copago ou non. A medida vai ser boa.

* Pola Sra. Varela Duro (do BNG) para manifestar que espera que o copago fracase e non quede mais que nunha mera intención, e recuperemos un pouco o sentido común.

Intervén o alcalde para propoñer que se refundan as dúas mocións nunha e que se poña a exposición de motivos da do PSOE e como acordo o do BNG porque é un pouco máis amplo.

Tras todo o exposto o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a moción refundida sobre o copago nos comedores escolares, que quedaría integrada pola exposición de motivos que figura na moción presentada polo PSdeG-PSOE e polas tres propostas de acordo que figuran na moción presentada polo BNG.

Adoptándose –por seis votos a favor (5 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE) e seis en contra (do PP)- o acordo de subscribir eses tres acordos:

Primeiro.- Instar á Xunta de Galiza a non establecer un novo copago no servizo de comedores escolares.

Segundo.- Demandar da Xunta de Galicia velar polo dereito á educación, garantindo un servizo de comedor escolar de calidade para o alumnado que o necesite.

Terceiro.- Instar á Xunta de Galicia a ampliar o servizo de comedor gratuito ao alumnado con poucos recursos económicos do ensino infantil e de primaria.

(Faise constar que, ao producirse un empate na votación realizada, e tras manifestar os doce membros asistentes da Corporación Local que manterían a súa postura nunha nova votación, este asunto foi resolto co voto de calidade do alcalde, no sentido indicado).

Punto 11º) MOCIÓN PRESENTADA NO REXISTRO XERAL DO CONCELO O DÍA 19 DE ABRIL DE 2013 (REXISTRADA AO NÚMERO 860) POLO GRUPO POLÍTICO DO BNG, SOBRE ADOPCIÓN DE MEDIDAS EN MATERIA DE POLÍTICA CULTURAL.

Sendo o contido de dita moción o seguinte:

“A cultura galega pasa por un momento de especial dificultade. A crise está afectando ao desenvolvemento dos diferentes sectores culturais que atravesan un momento crítico. Os últimos informes de organismos oficiais testemuñan a realidade desta afirmación. Así, o Consello da Cultura Galega (CCG) en relación coas artes escénicas, por exemplo, afirma que entre 2009 e 2011 perdéronse mil funcións de teatro. Unha situación que o CCG cualifica como dramática, ao tempo que alerta da precariedade como síntoma definitivo da situación actual. E as asociacións

representativas dos diferentes sectores levan tempo alertando desta realidade e reclamando cambios na orientación da política cultural da Xunta de Galicia.

Mais debemos retrotraernos ao ano 2009 cando, o goberno do PP na Xunta de Galicia, iniciou un claro proceso de desmantelamento da cultura galega. Situación que se agudizou nestes últimos meses coa parálise nas redes de programación da Xunta, sen xerencia desde outubro na Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), cos recortes brutais no apoio público á cultura galega e cunha ausencia total de diálogo co sector, como menosprezo patente do xeito de tratar aos nosos creadores e creadoras. O feito é de que a crise está sendo a coartada perfecta para levar adiante un programa de desmantelamento do noso sistema cultural.

Unha estratexia do PP que entronca cos ataques á nosa lingua e ao todo o que nos identifica e define como un pobo con cultura propia. As consecuencias son visibles: paro, precariedade e emigración, para os nosos creadores e creadoras, empobrecemento da vida cultural galega e unha limitación do acceso á cultura para milleiros de cidadáns e cidadás. Mentres o goberno do PP na Xunta de Galicia teima en destinar miles de millóns de euros a manter os edificios da Cidade da Cultura; malbaratando fondos públicos nun acto irresponsable que o pobo galego paga caro.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Instar á Xunta de Galicia a:

- Iniciar con urxencia un proceso de diálogo cos diferentes sectores e asociacións representativas da cultura galega, para consensuar medidas e actuacións en materia de política cultural.*

- Proceder á convocatoria urxente das diferentes redes de programación para o primeiro semestre de 2013 e iniciar a convocatoria da segundo semestre da programación da Agadic, negociando cos concellos e entidades representativas das artes escénicas e musicais os criterios e requisitos das redes, e garantindo unha dotación que permita nunha programación cultural non inferior á de convocatorias anteriores.*

- Convocar no ano 2013 un programa, en colaboración cos concellos galegos, que promova a contratación de espectáculos de teatro, danza, narración oral, novo circo, maxia e concertos de música producidos en Galicia co obxectivo de promover a distribución de produtos culturais galegos e espallar a cultura entre os cidadáns e as cidadás galegos.*

- Rebaixar o orzamento adicado á Cidade da Cultura, destinando este recursos á axudas aos diferentes sectores da cultura galega e á realización de actividades e difusión das producións culturais galegas no conxunto das aldeas, vilas e cidades galegas.*

- Establecemento dun programa de bono-cultura, que subvencione a adquisición de produtos culturais producidos en Galicia nos seus diferentes soportes, coa finalidade de reactivar a compra de produtos artísticos e culturais.*

2. Impulsar desde o Concello a presenza de propostas culturais galegas nas festas populares, vinculando as subvencións outorgadas con cargo aos orzamentos”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

*Pola Sra. Varela Duro (do BNG) para explicar:

-Que a moción está relacionada ca defensa da cultura galega, e o que se pretende nesta moción e poñer un pouco de orde e prestarlle máis atención a aquelas persoas que intentan facer teatro, as artes escénicas, pictóricas, creativas, dar renda solta á imaxinación; que tamén é unha forma de transmisión da realidade.

- Que neste momento a Asociación Galega de Industrias Culturais está practicamente en decadencia no sentido económico.

- Que a cultura foi algo que nunca estivo suficientemente subvencionado, salvo excepcións, e polo tanto os grupos de teatro están aparcados e con moitas carencias a nivel económico, para sobrevivir teñeno moi difícil.

- Que, se nós defendemos a nosa cultura, estamos apoiando parte do noso patrimonio e ahí podese incluír tamén a lingua galega.

*Pola Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para indicar que esta de acordo coa moción e estamos a ver que tamén están recortando tanto na promoción do galego como nas bibliotecas.

*Polo Sr. Orois Valiño (do PP) para indicar:

- Que o noso idioma é o galego e temolo que defender o mellor que poidamos, pero hai que abrirse ao mundo, eu sou máis universalista e se poido elixir entre un profesor estelar en castelán e outro menos estelar en galego, elixirei ao profesor en castelán; xa traduciría eu a súa exposición ao galego.

- Que hai recortes na cultura, na Cidade da Cultura vanse deixar de facer dous edificios, pero hai moitos servizos que estiveron alí entre eles AGADIC, e do que se trata e de favorecer aos concellos no que se poida.

- Que nós queremos vivir de tempos pasados, e a realidade e distinta, e o que interesa é que haxa xente ilustrada, polo tanto cultura si.

- Que nas bibliotecas non haberá tantos libros, pero el foi á biblioteca Anxel Casal de Santiago e leu seis ou sete nos dous últimos meses. Non haberá a última novidade pero traenos doutras bibliotecas, e faise un esforzo por parte da Xunta e dos Concellos no que poden.

- Que temos que facer da cultura algo produtivo; que dan subvencións para facer películas que teñen un éxito tremendo e despois non devolven subvención ningunha; o que hai que facer son cousas competitivas, produtos de calidade na televisión, na música, na escritura, non se pode subvencionar aquilo que non teña saída.

*Pola Sra. Varela Duro (do BNG) para indicar:

- Que considera que a moción representa o sentir de organización política a que pertence, e está de acordo co que pon.

- Que témelle máis ao analfabetismo que hai na xente, a esa dopaxe activa que temos mirando para unha pantalla, cuns espectáculos horrorosos, que a toda a alfabetización que poida vir na Cidade da Cultura.

- Que os poderes fácticos saben todo iso e sacan partido, e temos que loitar contra todo iso coa cultura e a educación para que a persona decida por sí mesma.
- Que contra a ignorancia loitase coa cultura.

*Pola Sra. Balado Conde (PSdeG-PSOE) para manifestar que se nos quitan a cultura queda un país de ignorantes.

*Polo Sr. Orois Valiño (do PP) para manifestar:

- Que nós non imos votar nunca en contra da cultura, pero si defendemos os recortes necesarios neste momento, como que se recorte o orzamento da Cidade da Cultura.
- Que ningún fala de que se queira unha sociedade inculta.
- Que as veces confundimos cultura con educación, e ás veces non van da man; coñecemos persoas moi cultas (un premio Nobel) que poden ser mal educadas, temos que lograr unha conexión entre cultura e educación.
- Que, respecto aos recortes, neste momento é o que hai.

* Pola Sra. Varela Duro (do BNG) para indicar:

- Que do ano 2009 ao 2011 perdéronse mil funcións de teatro.
- Que o machaque a cultura xa se ben facendo desde hai tempo, non ben de agora porque estemos en crise.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a proposta de acordo que contén dita moción.

Adoptándose –por seis votos a favor (5 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE) e seis en contra (do PP)- o acordo de subscribir eses dous acordos:

Primeiro.- Instar á Xunta de Galicia a:

- Iniciar con urxencia un proceso de diálogo cos diferentes sectores e asociacións representativas da cultura galega, para consensuar medidas e actuacións en materia de política cultural.
- Proceder á convocatoria urxente das diferentes redes de programación para o primeiro semestre de 2013 e iniciar a convocatoria da segundo semestre da programación da Agadic, negociando cos concellos e entidades representativas das artes escénicas e musicais os criterios e requisitos das redes, e garantindo unha dotación que permita nunha programación cultural non inferior á de convocatorias anteriores.
- Convocar no ano 2013 un programa, en colaboración cos concellos galegos, que promova a contratación de espectáculos de teatro, danza, narración oral, novo circo, maxia e concertos de música producidos en Galicia co obxectivo de promover a distribución de produtos culturais galegos e espallar a cultura entre os cidadáns e as cidadáns galegos.
- Rebaixar o orzamento adicado á Cidade da Cultura, destinando este recursos á axudas aos diferentes sectores da cultura galega e á realización de actividades e difusión das producións culturais galegas no conxunto das aldeas, vilas e cidades galegas.

- Establecemento dun programa de bono-cultura, que subvencione a adquisición de produtos culturais producidos en Galicia nos seus diferentes soportes, coa finalidade de reactivar a compra de produtos artísticos e culturais.

Segundo.- Impulsar desde o Concello a presenza de propostas culturais galegas nas festas populares, vinculando as subvencións outorgadas con cargo aos orzamentos municipais á contratación de creadores, creadoras e artistas galegos.

(Faise constar que, ao producirse un empate na votación realizada, e tras manifestar os doce membros asistentes da Corporación Local que manterían a súa postura nunha nova votación, este asunto foi resolto co voto de calidade do alcalde, no sentido indicado)

B) CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN MUNICIPAL.

Punto 1º) TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLO SR. ALCALDE DURANTE OS MESES DE DECEMBRO DE 2012 E XANEIRO E FEBREIRO DE 2013.-

En cumprimento da previsión contida no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, douse conta das resolucións ditadas polo alcalde dende o día 1 de decembro de 2012 –en que foi ditada a resolución máis inmediata a última de 29 de novembro de 2012 (da cal se dou conta noutra sesión plenaria)- ata a ditada o día 28 de febreiro de 2013.

Estando referida a primeira resolución (reflectida no folio 7.042) a autorización para que sexa emitida na Emisora municipal de Radio, durante un prazo de seis meses, a cuña publicitaria solicitada por don Juan Carlos Barral Camba, dos veces ao día e en diferentes horarios de emisión; así como á aprobación da liquidación a que ascende a contía do prezo público, por razón da emisión de dita cuña publicitaria; mentres que a última resolución (reflectida no folio 7.150 volto e o 7.152) á aprobación de facturas, cuxo importe individualizado e inferior a 3.000 euros, por ser esta a cantidade que se reservara o alcalde para dispoñer de gastos, posto que a aprobación dos gastos que excedan de dito importe –dentro dos límites da súa competencia- foi delegada na Xunta de Goberno Local mediante o decreto ditado o día 11 de xullo de 2011.

Punto 2º) DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO EXERCICIO ECONÓMICO 2012

Por vir así establecido no artigo 193 nº 4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, procede dar conta agora do expediente completo de dita liquidación, por ser

esta a primeira sesión, seguinte á data do Decreto ditado polo alcalde o día 22 de febreiro de 2013, sobre aprobación da referida liquidación.

Coñecido que o contido de dito Decreto é o seguinte:

“Visto o expediente tramitado para a aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2012, conforme ao establecido no artigo 191 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e o informe de Intervención que obra no expediente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do orzamento xeral de 2012, integrada polos seguintes estados:

- Liquidación do orzamento de gastos.
- Liquidación do orzamento de ingresos.
- Dereitos pendentes de cobro e obrigas pendentes de pago a 31 de decembro.
- Remanentes de Crédito.
- Resultado orzamentario.
- Remanente de Tesourería.

E cos seguintes resultados:

EXECUCIÓN ORZAMENTO GASTOS E INGRESOS:

GASTOS	C.D.	O.R.N.	%	INGRESOS	P.D.	D.R.N.	%
cap1	1.723.749,01	1.605.893,39	93,16	cap 1	1.692.563,06	1.716.416,78	101,41
cap2	2.451.763,00	1.982.954,08	80,88	cap 2	70.000,00	54.614,09	78,02
cap3	48.033,57	33.783,13	70,33	cap 3	1.117.987,58	678.275,51	60,67
cap4	489.796,00	429.473,92	87,68	cap 4	1.974.790,04	2.008.429,84	101,70
				cap 5	16.365,60	4.087,47	24,98
cap6	942.653,36	279.578,20	29,66	cap 6	0,00	0,00	0,00
cap7	0,00	0,00	0,00	cap 7	693.697,46	106.959,41	15,42
cap8	6.000,00	2.500,00	41,67	cap 8	133.127,71	2.500,00	1,88
cap9	130.536,51	115.328,51	88,35	cap 9	94.000,00	0,00	0,00
TOTAL	5.792.531,45	4.449.511,23	76,81	TOTAL	5.792.531,45	4.571.283,10	78,92

DEREITOS PENDENTES DE COBRO A 31/12/2012	358.401,76 €
OBRIGAS PENDENTES DE PAGO A 31/12/2012	407.066,72 €

RESULTADO ORZAMENTARIO:

RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO 2012	
---	--

A. DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS OPERACIÓNS CORRENTES	4.461.823,69
B. DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS E DEMAIS OPERACIONS NON FINANCEIRAS	106.959,41
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	4.568.783,10
C. DEREITOS RECOÑECIDOS ACTIVOS FINANCEIROS	2.500,00
D. DEREITOS RECOÑECIDOS PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	2.500,00
E. OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS OPERACIÓNS CORRENTES	4.052.104,52
F. OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS DEMAIS OPERACIONS NON FINANCEIRAS	279.578,20
TOTAL OPERACIONS NON FINANCEIRAS	4.331.682,72
G. OBRIGAS RECOÑECIDAS ACTIVOS FINANCEIROS	2.500,00
H. OBRIGAS RECOÑECIDAS PASIVOS FINANCEIROS	115.328,51
I.RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (A+B+C+D-E-F-G-H)	121.771,87
AXUSTES:	
K. CRÉDITOS GASTADOS CON RT PARA GASTOS XERAIS	58.847,51
L. DESVIACIÓNS DE FINANCIACIÓN NEGATIVAS DO EXERCICIO	121.873,65
M. DESVIACIÓNS DE FINANCIACIÓN POSTIVAS DO EXERCICIO	60.672,08
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (I-K+L-M)	241.730,95

REMANENTE DE TESOURERÍA:

DEREITOS PENDENTES DE COBRO		420.024,68
+De orzamento corrente de ingresos	358.401,76	
+De orzamento pechado de ingresos	63.701,87	
+De recursos doutros entes públicos	0,00	
+Doutras operacións non orzamentarias	689,60	
-Ingresos pendentes de aplicación	2.768,55	
FONDOS LÍQUIDOS		339.974,67
-OBRIGAS PENDENTES DE PAGO		492.668,69
+De orzamento corrente de gastos	407.066,72	
+De orzamento pechado de gastos	5.757,37	
+Doutras operacións non orzamentarias	91.117,65	
-Pagos pendentes de aplicación	11.273,05	
=REMANENTE DE TESOURERIA TOTAL		267.330,06
SALDOS DE DUBIDOSO COBRO		29.420,24
EXCESOS DE FINANCIACION AFECTADA		36.866,16
REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS		201.044,26

SEGUNDO.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre, de acordo con canto establecen os artigos 193 nº 4 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, e 90 nº 2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.

TERCEIRO.- Remitir de copia de devandita liquidación aos órganos competentes, tanto da Delegación de Facenda como da Comunidade Autónoma, en cumprimento do disposto no artigo 193 nº 5 do TRLRFL.”

Coñecido o contido do anterior decreto da Alcaldía, o Sr. alcalde sometiu este asunto a votación ordinaria;

Adoptándose –por unanimidade dos doce membros asistentes- o acordo de quedar enterados da liquidación do orzamento municipal do exercicio 2012, así como do decreto do alcalde polo cal se aprobou dita liquidación, previo o informe de intervención.

*Punto 3º) **ROGOS E PREGUNTAS.-***

Fai uso da palabra o Sr. alcalde para lembrar que, nunha anterior sesión plenaria, xa informou sobre a forma en que ía responder ás preguntas que foran lle formuladas.

Acto seguido o Sr. alcalde preguntou se alguén ía formular algún rogo ou pregunta neste asunto da Orde do día.

Manifestando o voceiro do grupo político do Partido Popular, Sr. Orois Valiño, que quería formular ao Sr. alcalde as seguintes tres PREGUNTAS:

PRIMEIRA.-¿Sr. alcalde, sen dúbida, ten coñecemento de que un establecemento, cuxo nome non cito, ubicado no centro da vila, enviouselle varios requirimentos (creo que tres baixo o seu mandato) para a realización de obras de accesibilidade para minusválidos, necesarias para outorgar a licenza de actividade correspondente?

SEGUNDA.- ¿Qué se pensou facer polo equipo de goberno para facer cumprir a normativa nun caso, onde, como así parece ser certo, pódese tomar como unha discriminación hacia persoas con minusvalía ao facerse, cunha actitude contumaz, caso omiso aos requirimentos?

TERCEIRA.- ¿É preciso que desde a oposición maioritaria se tomen medidas contundentes, cando a nosa intención non é atacar ao equipo de goberno, senón apoialo nas medidas e resolucións que imperativamente debe tomar ao respecto conforme a normativa vixente?

Manifesta o Sr. alcalde que estas tres preguntas serán contestadas na seguinte sesión.

Punto 4º) INTERVENCIÓN DO CONCELLEIRO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, SR. GARCÍA COUSO, PARA FORMULAR AO ALCALDE AS CATRO PREGUNTAS QUE NON FOI AUTORIZADO A REALIZAR NA SESIÓN PLENARIA DO DÍA 26 DE OUTUBRO DE 2012, SEMPRE E CANDO CUMpra OS REQUISITOS PREVISTOS NO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E RÉXIME XURÍDICO DAS ENTIDADES LOCAIS; EN EXECUCIÓN DA SENTENCIA DITADA O DÍA 28 DE FEBREIRO DE 2013, POLO XULGADO DO CONTENCISO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE A CORUÑA.-

Polo Sr. alcalde lese o título deste punto da Orde do día; e acto seguido cede o uso da palabra o Sr. García Couso, para que formule as catro preguntas que tiña previsto realizar na sesión plenaria do día 26 de outubro de 2012.

Intervén entón o Sr. García Couso para expoñer oralmente a **primeira** de ditas preguntas, que consta dunha introducción que empeza a ler no seguinte sentido: *“Nas dúas lexislaturas pasadas fixéronse moitos esforzos para dotar as parroquias de locais sociais dignos...”*

Interrompe entón o Sr. alcalde ao Sr. García Couso para dicirlle que se ciña ao que é a pregunta,

Manifesta o Sr. García Couso que todas as preguntas teñen unha exposición e unha pregunta, e que vai facer esa exposición e a pregunta.

Advirte o Sr. alcalde ao Sr. García Couso que vai ter que votalo do Salón de Sesións por desacato.

Responde o Sr. García Couso: “Fai o que proceda, eu vou a facer o que procede.”

Manifesta o Sr. alcalde: “Ti vas facer o que che da a gana, como sempre”.

Responde o Sr. García Couso: “Eu voi facer o que me corresponde no meu dereito, que establece unha sentenza do xulgado”.

Manifesta o Sr. alcalde que: “a sentenza di que tes que formular as catro preguntas e, se non sabes a definición de pregunta, teremos que mirala no dicionario”, pero que lle supón o suficientemente culto para saber como se define unha pregunta.

Responde o Sr. García Couso que no debate político unha pregunta ten exposición e a pregunta, e a súa pregunta esta motivada.

Manifesta o Sr. alcalde: “estamos na rolda de rogos e preguntas, o debate político foi nos anteriores puntos”, e “se queres participar nese debate xa sabes o que tes que facer, non porque queiras participar no debate político tes dereito a facer aquí unha exposición de dúas horas para formular catro preguntas, que son as que tes que formular porque dixoo o xuíz; e o que tes que formular é a pregunta final.”

Volve a intervir o Sr. García para expoñer a **primeira** de ditas preguntas, no seguinte sentido: *“Nas dúas lexislaturas pasadas fixéronse moitos esforzos para dotar as parroquias de locais sociais dignos para servizo dos veciños, ben fora rehabilitando ou con construcións novas, quedando sen eles as parroquias de Figueiroa, Tronceda e Lema; No caso de Tronceda había iniciado un proceso consistente na compra dunha*

construción con terreo situado a beira da Igrexa o que cubría as necesidades de local social e espazo de aparcadoiro ou outros usos para a parroquia, estaba concertado un préstamo en condicións moi favorables, e negociada a compra co propietario.

¿En que situación se atopa a xestión ou seguirá Tronceda, como Lema e Figueiroa, sen local social?

Intervén o Sr. alcalde para indicar ao Sr. García Couso que faga só a pregunta e que se tomará nota dela.

Volve a intervir o Sr. García Couso para formular a **segunda** pregunta: “*Tendo coñecemento pola prensa de que o concello...*

Intervén entón o Sr. alcalde para preguntarlle ao Sr. García Couso se a súa exposición empeza por interrogante, engadindo que a sentenza deixou en evidencia o que o Sr. García Couso buscaba e agora estao volvendo a deixar en evidencia; engade: “estás enganando a toda a xente que está aquí presente e a que te está oindo por Radio Arzúa, e se pensas que non saben cal é o teu obxectivo equivocáste, sabenno perfectamente; as cousas que motivan a túa conduta, se queres, tereichas que repetir sempre que manteñas esa aptitude.”

Indica o Sr. alcalde “sei que tomei unha decisión, que o Sr. García Couso considera que teño que pagar, e iso sabeo todo o mundo, e todo o mundo viu antes das eleccións locais como eran os carteis do BNG postos nas rúas”.

Dirixese entón o Sr. García Couso ao Sr. alcalde para decirlle: “eu teño a educación de escoitarte mentres que falas, por tanto pido que se me escoite mentres estou falando”.

Manifesta o Sr. alcalde que sabemos que o Sr. García Couso ten moita ansia de utilizar tanto o Pleno como a Radio municipal, para poder falar, pero para poder intervir no Pleno xa sabe o que ten que facer, parasarse ao grupo mixto, e entón terá a palabra.

Contesta o Sr. García Couso que a palabra doulla o xuíz, e o xuíz dille que ten dereito, o dereito a intervir e facer catro preguntas.

Manifesta o Sr. alcalde: “precisamente iso era o que ti pretendías, pero como ti sabes moi ben o xuíz desestimouche parte do recurso, só che dou pé para facer catro preguntas; a senteza di: para formular ao alcalde as catro preguntas que non foi autorizado a realizar na sesión plenaria do día 26 de outubro de 2012”.

Pasa o Sr. García Couso a expoñer a **segunda** pregunta, no seguinte sentido: “*Tendo coñecemento pola prensa de que o Concello de Arzúa solicitou un obradoiro de emprego, e de que este foi denegado a pesares de cumprir criterios de valoración positivos, como o de ser solicitado conxuntamente cos Concellos de Boimorto e Santiso. Mentres que sí foron concedidos a todos os concellos gobernados polo PP.*

¿Cre o alcalde que a denegación do obradoiro ao noso Concello veu motivada por cuestións partidistas?”

Durante a lectura de dita pregunta o Sr. alcalde interrompiu ao Sr. García Couso para dicirlle: “se queres intervir no Pleno para participar no debate político, tes que pasarte ao grupo mixto”.

Non obstante esta interrupción o Sr. García Couso seguiu expoñendo a segunda pregunta ata o final.

Tras o cal o Sr. alcalde indicoulle se podía repetir a última parte.

Manifestando o Sr. García Couso que a pregunta faciaa toda.

Respondendolle o Sr. alcalde que lle diga a última parte.

Ao mesmo tempo interveu o Sr. Bermúdez Taboada para preguntar ao Sr. alcalde se lles tiña medo.

Respondendo o alcalde: “ningún Leonardo ningún, gracias a Dios, pasoume todo, o que che fastidia a ti é que non cho teña, pensabas que vos tiña medo todo Arzúa, pero estabades equivocados”

Acto seguido o Sr. García Couso empeza a lectura da **terceira** pregunta, no seguinte sentido: “*O goberno central ven de aprobar unha serie de medidas entre as que se atopa a eliminación da paga extra de Nadal 2012, medida que afecta tamén aos traballadores deste concello; o alcalde e a primeira tenente de alcalde teñen adicación exclusiva o que implica un salario das arcas municipais.*

¿Van cobrar a paga extra do Nadal 2012, o alcalde e a primeira tenente e alcalde?”

Manifesta o Sr. alcalde que o Sr. García Couso sabe perfectamente quen lles puxo ese salario, e porqué se nos puxo un salario tan baixo.

Responde o Sr. García Couso que a súa pregunta non era esa, senón: ¿se ía a renunciar á paga extra como fixeron a maioría dos cargos políticos?

Manifesta o Sr. alcalde que este alcalde e a primeira tenente de alcalde somos os que menos cobramos na comarca, e moito menos do que cobraba o alcalde e o tenente de alcalde anterior; e que tamén sabe o Sr. García Couso quen lles puxo os soldos e porqué os puxo.

Manifesta o Sr. García Couso que el é representante dos veciños e pregunta para que os veciños tamén o saiban

Manifesta o Sr. alcalde que entón vai sendo horas de que os veciños saiban moitas cousas.

Manifesta o Sr. García Couso que se lle cesou como voceiro porque falaba claro.

Pasa entón o Sr. García Couso a realizar a **cuarta** pregunta, no seguinte sentido: “*O regulamento de participación dos grupos políticos na emisora de radio municipal contempla a emisión de comunicados; o pasado día 18, o alcalde e a concelleira Aurora Varela, tiveron unha intervención na radio municipal, na que aludiron de forma directa a varias persoas entre as que me atopo, o día 24, as persoas aludidas presentaron no rexistro deste concello -dirixido ao director de Radio Arzúa- un comunicado de réplica que pasa a ler:*

Inicia entón o Sr. García Couso a lectura de dito comunicado no seguinte sentido:

Os abaixo asinantes, Xoan Carril Ramos, Leonardo Bermúdez Taboada, Xosé Inacio García Couso, responsable local e concelleiros respectivamente do grupo político do BN...”

Chegado ese momento o Sr. alcalde preguntou ao Sr. García Couso “se iso era unha pregunta”; e dito concelleiro non respondeu, e seguiu realizando a exposición da súa cuarta pregunta.

Ante o cal o Sr. alcalde decidiu levantar a sesión, ausentándose os concelleiros e o público do Salón de Sesións, ás 22.15 horas. Porén o Sr. García Couso seguiu expoñendo a pregunta.

Indicándolle o Sr. alcalde: “quedaches sen público, porque non lle interesa a ninguén o que estas dicindo.

Responde o Sr. García Couso que el esta falando para os veciños que representa.

Manifestándolle o Sr. alcalde: “non tes que falar senón só preguntar”, e que ía mirar se incurrira en desacato”.

Responde o Sr. García Couso: “xa me amenazaches varias veces”.

Manifesta o Sr. alcalde “eu ameazo pero non vou á xustiza, ti fas o contrario, e iso por un erro que ti mesmo cometeches”.

Acto seguido saíu o alcalde do Salón de Sesións, e o Sr. García Couso seguiu expoñendo o resto da súa cuarta pregunta, ata que decidiu temén levantarse e marchar, sen acabar a exposición da cuarta pregunta, sendo as 22.20 horas.

Tras todo o exposto esténdese a presente acta, que será sometida á consideración dos membros desta Corporación Local asistentes á vindeira sesión. De todo o cal dou fe.

